

PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS (Orde do 24 de marzo de 2017. DOG núm.65 , do 3 de abril de 2017)



PRAZO

Do día **4 DE ABRIL** ao **29 DE MAIO** de 2017 (ambos os dous incluídos).



CONTÍA

NÚMERO DE ORDE que ocupa o fillo ou filla NA UNIDADE FAMILIAR DA PERSOA SOLICITANTE	CONTÍA
1º	360 €
2º	1.200 €
3º e sucesivos	2.400 €



PERSOAS BENEFICIARIAS

- As persoas con fillos ou fillas menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2017 (nados ou nadas entre **02/01/2014** e o **01/01/2017**, inclusive).
- Fillos ou fillas adoptadas ou acollidas entre o **31/12/2015** e **31/12/2016**



SERÁN BENEFICIARIAS DESTA PRESTACIÓN AQUELAS PERSOAS QUE NON TEÑAN FEITA A DECLARACIÓN DA RENDA DO EXERCICIO 2015.



DOCUMENTACIÓN

- 1 **Anexo I** cuberto e asinado pola persoa solicitante
- 2 **Anexo II** cuberto e asinado pola persoa proxenitora non solicitante, de ser o caso
- 3 Copia do **libro ou libros de familia** ou certificación de nacemento do rexistro civil de cada unha das fillas ou fillos da **persoa solicitante**, para os efectos de acreditar a data de nacemento e o número de orde que ocupa a filla ou fillo na súa descendencia.
- 4 Xustificante de **empadramento conxunto** de todos os membros da unidade familiar. No suposto de que a persoa proxenitora non solicitante non figure neste, deberá achegar o seu xustificante de empadramento individual, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.
- 5 Copia da **sentenza de nulidade, separación ou divorcio** ou da resolución xudicial que estableza as **medidas paterno-filiais** dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e/ou do **convenio regulador**, de ser o caso.
- 6 No suposto de familias monoparentais, copia do **certificado de monoparentalidade** expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, sempre que conste nel a filla ou fillo polo que se solicita a axuda, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.
- 7 Nos supostos de **adopción** ou **acollemento**, copia da resolución xudicial ou administrativa que a declare (Só no suposto de que a formalización se realizase noutra comunidade autónoma).
- 8 Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**
- 9 Copia do DNI ou NIE da persoa proxenitora non solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**
- 10 Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2015 da persoa solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**
- 11 Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2015 da persoa proxenitora non solicitante, **só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.**

Se a documentación estivera xa en poder da Administración da Xunta de Galicia e non queren achegala deberán facer constar no Anexo I, no espazo destinado para o efecto: o código do procedemento, número de expediente e ano. A consulta desta documentación só será admisible cando **non transcorresen máis de 5 anos desde a finalización do procedemento** ao que correspondan.

LER ATENTAMENTE AS NOTAS ACLARATIVAS DA SEGUINTE PÁXINA

ACLARACIÓNS SOBRE A DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

1. REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN

- A efectos do cómputo de prazos terase en conta a **data establecida no selo de entrada no rexistro** administrativo onde se presente.
- As solicitudes que **NON** teñan selo do **rexistro de entrada** do concello correspondente daráselles entrada no rexistro único da Xunta de Galicia, considerando esta data como a de presentación da solicitude.

2. SOLICITUDE E ANEXOS

- A solicitude (**Anexo I**) ten que vir **asinada** pola persoa **solicitante**.
- O **Anexo II** ten que vir **asinado** pola **persoa proxenitora que non figure como solicitante** e ostente a custodia do fillo ou filla pola que se solicita a axuda.

Se non se presenta Anexo II, deberá achegarse, segundo o caso:

1- SENTENZA DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO e/ou o CONVENIO REGULADOR RATIFICADO POLO XULGADO.

2- No suposto de familias monoparentais deberá achegarse copia do certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.

3. EMPADROAMENTO

- No empadramento deben figurar: a **nai**, o **pai** e os **fillos e/ou fillas** polos que se solicita a axuda. Se algunha das persoas proxenitoras non está empadroada no mesmo domicilio deberá achegar igualmente o seu certificado de empadramento para os efectos de comprobar que o seu domicilio está na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Esixirase** que o menor ou a **menor** figure **EMPADROADO COA PERSOA SOLICITANTE**.

← IMPORTANTE

4. LIBRO DE FAMILIA

- Débese presentar copia de **todas as follas escritas do libro de familia**: follas onde figuren todos os fillos, folla na que figuran os datos das persoas proxenitoras e tamén aquela onde figura a constatación (ou ausencia) do matrimonio.

No caso de que a persoa solicitante teña fillos ou fillas con diferentes parellas deberase achegar copia de **todos os libros de familia para os efectos de comprobar a orde que ocupa o fillo ou filla** polos que se solicita a axuda **na unidade familiar da PERSOA SOLICITANTE**.

← IMPORTANTE

O libro/s de familia poden ser substituídos polos correspondentes certificados do Rexistro Civil.

5. ADOPCIÓN, ACOLLEMENTO E TUTELA (Só no caso de resolucións doutras Comunidades Autónomas)

- ADOPCIÓN: auto xudicial de adopción ou resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- ACOLLEMENTO E TUTELA: copia da resolución administrativa ou xudicial da tutela ou do acollemento.

6. COPIA SENTENZA DE NULIDADE, SEPARACIÓN OU DIVORCIO E CONVENIO REGULADOR

- A **sentenza** de nulidade, separación ou divorcio así como o convenio regulador teñen que ser **firmes**. Carecen de valor os autos provisionais. No suposto de procesos aínda en curso deberá acreditarse a dita circunstancia mediante o certificado do xulgado correspondente.
- Serán REXEITADAS como documentación acreditativa: as **declaracións xuradas** de non convivencia, as **asignacións ou peticións de avogado de oficio** ou as cartas destes sobre a tramitación dos procesos, a **admisión a trámite de demandas**, etc.